

**CUNQUEIRO E O *DICIONARIO*
INFERNAL DE COLLIN DE
PLANCY**

Francisco Castro

doi:10.17075/mucnoc.2014.038





FIGURA 1: Gravado da sexta edición do *Dictionnaire Infernal* de 1863 representando o Sabbat das bruxas presidido polo demo Leonardo. BBB.

I. INTRODUCCIÓN

Antes de comezar, quero agradecer á organización a posibilidade que nos brindou para a presentación desta comunicación, que non é máis que unha modesta homenaxe á figura de D. Álvaro Cunqueiro, xa que non somos nin moito menos especialistas en Cunqueiro, senón admiradores da súa obra, da que nos falta moito por apreciar e coñecer. Somos moi ignorantes e pódese nos aplicar a famosa sentenza do marido da Marquesa de Ojuel que reza «a miña ignorancia abarca todos os eidos do saber». Somos afeccionados a Cunqueiro, sobre todo influenciados pola visión cunqueiriana da realidade, onde a realidade dos soños, da imaxinación, do máximo están a pé de igualdade coa realidade da vixilia, coa que

se interpenetra amosando unha absoluta permeabilidade e indefinición nos seus límites, xa que, en definitiva, son unha mesma realidade, en perpetua relación e movemento, sen saberse como no símbolo do ying e do yang onde empeza un e onde remata o outro. Tamén somos debedores desa súa especial ollada para atopar a maxia e a imaxinación en calquera cousa, de apreciar o seu envés, nunha ollada menos arrevesada ás veces, perfectamente lúcida e tamén posible.

A nosa teima de coleccionar ciprianillos, grimorios e Dicionarios Infernais débelle moito á influencia de Álvaro Cunqueiro. O interese polo Libro de San Cipriano veu da lectura das obras de Pedro de Frutos García, *Leyendas Gallegas: de Breogán al Fin del Mundo*, do *Tesouros Novos e Vellos* de Cunqueiro e de *Apariciones en Galicia* de José María Castroviejo. E ao respecto do *Diccionario Infernal*, foi despois de mercar no 1999 a edición de Taber nunha librería de vello en Ourense cando nos decatamos grazas á escolma de 100 artigos de Cunqueiro de Dorinda Rivera Pedredo 2001 na Biblioteca Galega da Voz de Galicia que era un dos libros favoritos de Cunqueiro. O *Diccionario Infernal*, obra enciclopédica de referencia na literatura universal sobre crenzas populares e demonoloxía, que escribiu o francés Collin de Plancy no s. XIX.

Por esa razón, se Cunqueiro lle tiña tanta devoción, pensamos que debía ser un libro moi interesante sobre o que investigar. Ao decatarnos de que existían edicións españolas bastante descoñecidas do Dicionario, tentamos conseguir as edicións máis importantes da obra (a un módico prezo, porque é unha obra que se paga a prezo de ouro polos coleccionistas, como xa contaba Perucho no súa reedición do 68, e a economía non está para foguetes). Conseguimos sete edicións antigas, as tres españolas e as catro máis interesantes francesas, e con ese material escribimos no 2007 un artigo sobre as edicións españolas do *Diccionario Infernal* para a Revista Hibris de Bibliofilia, que pode ser consultado por quen queira máis información sobre o tema.

Quedaba pendente facer unha comunicación na que afondar nas relacións entre Collin de Plancy e Cunqueiro, que era a intención da presente. Mais despois de revisar boa parte da súa produción xornalística, non atopamos a cantidade de citas sobre Plancy que esperabamos, seguramente por un error metodolóxico noso, xa que moitos destes artigos consultados foron publicados antes da reedición do *Diccionario Infernal* de 1968. Tamén pode ser culpa daquel demo que

contaba Cunqueiro que xa andaba por Lugo facendo nas súas no 1500, que nos cambiou as letras e as liñas dos textos para que non poidamos atopar as citas.

As obras consultadas con textos de Cunqueiro para realizar esta comunicación foron, por unha banda, a xa citada Escolma «100 Artigos de Cunqueiro» de Dorinda Rivera Pedredo publicada no 2001 na Biblioteca Galega da Voz de Galicia; a obra de Nigratrea 2007 «El Laberinto Habitado», as obras *El Envés e Laberinto y Cía* da Editorial Taber de 1969 e 1970, diversas obras da colección de Tusquets recompilatorias dos textos de Cunqueiro (*Tesoros y otras magias, Viajes imaginarios y reales, El pasajero en Galicia, Fábulas y Leyendas de la mar, Papeles que fueron vidas*), o núm. 37 da revista de *Los Cuadernos del Norte* e, finalmente, a edición de bibliófilo da Ed. Nigratrea *De demonios y ángeles*. Quixésemos ter visto as notas de Cunqueiro sobre o *Diccionario de Anxos* da Estafeta Literaria, pero non puidemos por falla de tempo.

Nesta comunicación comezaremos tratando brevemente a biografía de Collin de Plancy salientando detalles importantes da mesma, faremos referencia a algunhas das obras que publicou, sobre todo á súa obra máis coñecida, o *Diccionario Infernal*, comentando as edicións francesas para relacionalas coas edicións españolas existentes, falaremos das que puido consultar e manexar Álvaro Cunqueiro, algún apuntamento das semellanzas ou paralelismos entre a obra de Plancy e Cunqueiro, das referencias a Plancy que atopamos na obra xornalística de Cunqueiro, outras posibles influencias de Plancy nos seus textos, un final a xeito de conclusión e, como anexo, algunhas entradas do *Diccionario Infernal* para que se poda ver o emprego de intertextualidade en Plancy.

Pero antes de entrar de cheo no contido desta comunicación, queremos traer a colación un tema diferente, a noticia do roubo do Códice Calixtino, xa que mentres a estabamos elaborando ocorreu este lamentable suceso que nos causou unha fonda impresión e que semella que non ten tido suficiente eco nos medios de comunicación —é unha mágoa que os da *telegaita* opinen que aos nosos paisanos lles dá exactamente igual ou que lles doa máis o roubo do seu paraugas que o *Codex Calixtinus Sancti Iacobi*—. Cando leamos as actas, esperamos que xa teña aparecido, e que soamente fose obra de alguén que tivo gañas de lelo e admiralo na intimidade, a carón do lume dunha lareira, e que logo pensaba devolveo ao seu sitio como fixera outras veces. Aínda que coa que están montando, coidamos que vai ser difícil que o poña no seu sitio. O máis sinxelo sería que o deixe nos

brazos do Apóstolo, que con iso tamén teríamos un novo milagre para maior gloria do noso Santiago, que ultimamente non se prodiga moito neles. Esperamos que a persoa non pense en facelo desaparecer no lume da lareira, xa sabemos que os libros arden mal, sobre todo se teñen case mil anos e son de pergameo, e a obra, se non volveu xa ao seu sitio, deixe o seu rastro, pero non de cinzas.

Os medios de comunicación falan de mala lei da falta de medidas de seguridade na custodia do Códice. Que mellor protección que a do noso Apóstolo Santiago, non facendo falla nin cámaras, detectores de movemento, nin nada polo estilo pois que poder ten a seguridade terreal fronte a seguridade divina do noso Patrón?

Seguramente quen o roubou levaba sotana, xa que dentro do recinto abundan e non chaman a atención, non se deixa entrar con mochilas, e sería a mellor maneira de agochalo.

Esta noticia teríalle dado moito xogo a Cunqueiro, fornecéndolle material de abondo para estar escribindo as súas pequenas xoias xornalísticas durante anos. Mesmo valeríalle de argumento para un libro. Seguramente estaría botando as cartas do tarot para ver a identidade do ladrón, onde o agocha, e mesmo adiantaría os móbiles do roubo e o xeito de recuperalo. Para achegar o noso gran de area, temos falado co noso benquerido amigo D. Leonardo Canhoto Pires, afeccionado a botar das cartas do Tarot galego de Ulises Sarry, tarot que prologou o propio Cunqueiro (que mellor tarot para botar nun caso coma este!) e sempre solícito á nosa chamada fixo unha tirada de cartas con resultados moi esclarecedores, que incluimos como anexo ao final da comunicación por se lle ten algún valor ás forzas policiais que seguen a pista do caso.

Cunqueiro concordaría posiblemente coa nosa opinión de que, malia ser un roubo da máxima entidade, obedece realmente a unha manobra de despiste sobre o verdadeiro obxectivo dos ladróns: o Libro moito máis importante e terrible do que falan con temor reverencial os nosos paisanos, e que se atopaba encadeado no subsolo da Catedral, o Verdadeiro Libro de San Cipriano. Claro que este roubo non o van recoñecer, porque como todo o mundo sabe levan anos negando que se encontre alí o tal libro. Tampouco lle darán publicidade, e falarán directamente con algún experto ocultista para desentrañar o misterio.

O *Dictionario Infernal* de Collin de Plancy, publicado por primeira vez no 1818 en París, segue a liña das grandes obras do enciclopedismo francés editadas en numerosos eidos, das ciencias naturais, da filosofía, das relixión, etc. e converteuse axiña nunha obra de referencia na literatura universal, fundamental no ocultismo, a etnografía e as tradicións populares. Tivo unha grande influencia na cultura europea, xa que a el teñen recorrido múltiples estudosos das crenzas populares como fonte de información e numerosos escritores como fonte de inspiración para os seus relatos, novelas e artigos.

O *Dictionario Infernal*, a pesar do seu nome, que semella unha operación de marketing para mellorar a súa venda, non é soamente un dicionario de demonoloxía, senón unha moi completa e amplísima enciclopedia sobre crenzas, costumes e supersticións humanas ao longo dos tempos, cunha inxente cantidade de datos e noticias da máis diversa índole (superando amplamente as dúas mil entradas), sendo habitual que en cada unha das entradas faga referencia a diversas obras bibliográficas. Por esta razón, ten un valor antropolóxico e etnográfico evidente, até o punto que moitos autores, entre eles Hubert Juin (Juin 1963, p. 1 a 9) consideran a Collin de Plancy polo seu coñecemento enciclopédico sobre etnografía e o seu tratamento das crenzas populares dende un punto de vista rigoroso, racionalista e científico, como un dos primeiros precursores na investigación do folklore, xunto con outros coma o anticuario de Lorient Jacques Cambry que fundou no 1804 a *Academie Celtique* de Bretaña. Dicimos precursores, xa que o termo *folklore* no sentido da «ciencia do estudo do saber do pobo» foi acuñado no 1843, máis de vinte anos despois, polo inglés William John Thoms, arqueólogo e investigador das tradicións populares.

Jacques Auguste Simon Collin de Plancy (1793-1887) naceu na cidade de Plancy – L'Abbaye, preto de Arcis-Sur-Aube, no nordeste de Francia. Foi un libre pensador, escritor francés, polígrafo, dunha amplísima cultura, moi influenciado por Voltaire; tamén foi ocultista e demonólogo e, no que nos interesa, foi libreiro-impresor e editor de obras en Plancy e, en París, moitas destas obras eran da súa autoría.

Empregou unha mancha de pseudónimos (Eugene Allent, C. Brindamour, Docteur Ensenada, Hormisdas Peath, Jacques Loyseau, Jacques de L'Enclos, Jacques de Nilinse, Jacques de Saint Albin, etc.) de xeito que é moi difícil facerse unha idea da súa ampla produción ao longo de toda a súa vida. Sábese que

escribiu innumerables obras, superando amplamente as cincuenta, moitas delas, por unha banda, sobre ocultismo e fenómenos estraños (non tanto porque crese neles, era racionalista e volteriano, senón polo seu amor por todo o extravagante, curioso, insólito e estraño, e tamén pola rendibilidade que obtiña de elo) e, pola outra banda, publicou numerosas títulos de tema relixioso, despois da súa conversión ao catolicismo.

Inicialmente librepensador, anticlerical e anticatólico, sobre todo contrario aos Xesuítas, escribiu obras como *Biografía Pintoresca de los Jesuitas* no ano 1826 e unha versión da famosa «Taxa Camarae del Papa Leon x» no ano 1821 —esta taxa son unhas polémicas bulas para perdoar todo tipo de pecados, mesmo futuros, a cambio de diñeiro—, obra que lle trouxo moitos problemas até o punto de ter que abxurar dela publicamente —porén, o seu editor Garinet foi excomungado directamente.

Entre 1830 e 1837, reside en Bruxelas, onde foxe por causa das polémicas causadas por estas obras. En 1837, regresa a Francia, renunciando aos seus erros e converténdose ao catolicismo dun xeito radical. Publica numerosas obras de temas relixiosos e cando reedita obras súas anteriores faino profundamente reformadas dende esta nova perspectiva e coa aprobación eclesiástica, xeralmente encomendada ao abade Migné.

Citaremos, a continuación, algunhas das obras da súa autoría por orde cronolóxica, obras de tema demonolóxico e oculto, de tema relixioso, de tema histórico, onde se aprecia esta evolución nas súas preocupacións e pensamento: *Dictionnaire féodal ou recherches et anecdotes sur les Dimes et les droits féodaux, les fiefs et les bénéfices, les privilèges etc. et sur tout ce qui tient à la Féodalité*, 1819; *Dictionnaire critique des reliques et des images miraculeuses*, 1821; *Taxes des parties casuelles de la boutique du pape, rédigées par Jean XXII, et publiées par Léon X pour l'absolution (argent comptant) de toute espèce de crimes, avec la fleur des cas de conscience*, 1821; *Le Diable pintée per lui meme*, 1825; *Biographie pittoresque des Jésuites ou Notices abrégées théologiques et historiques sur les jésuites célèbres*, 1826; *Godefroid de Bouillon, chroniques et légendes du temps des deux premières croisades, 1095-1180*, 1842; *Légendes de l'Histoire de France*, 1846; *Légendes des commandements de l'Eglise*, 1860; *Légendes des sacrements*, 1860; *Légendes des femmes dans la vie réelle*, 1861; *Légendes Infernales, relations et pactes des hôtes de l'enfer avec l'espèce humaine*, 1861; *Taxes des parties casuelles de la boutique du pape pour la remise, moyennant*

argent, de tous les crimes et pêchés, 1871; La fin des temps, confirmée par des prophéties authentiques nouvellement recueillies, 1871; Légendes des esprits et des démons qui circulent autour de nous, Traditions populaires et anecdotes insolites: Légendes infernales.

Son de salientar as súas coleccións bastante longas de Vidas de Santos, de vinte volumes, e a súa serie de Lendas, con tamén vinte volumes das que temos citado algún título antes. Na serie de lendas inclúe obras de tema histórico, relixioso e estraño, con títulos tan variados como, nas relixiosas: *Lendas das Santas Imaxes do Noso Señor, Lendas dos Mandamentos da Lei de Deus, Lendas dos Sete Pecados Capitais, Lendas do Antigo Testamento, Lendas da Santa Virxe, Lendas do Xudeu Errante, Lendas das Cruzadas*, etc.; nas de sucesos estraños e ocultismo: *Lenda dos Espíritos e Demos que circulan entre nós, Lendas Infernais*; nas históricas: *Lendas da Idade Media, Lendas sobre a Historia de Francia, Lendas sobre a Historia de Bélxica*, etc. Tamén hai moitas outras obras que non se incluíron na serie de Lendas, pero que teñen a mesma estrutura, por exemplo, a obra titulada *O Fin dos Tempos*, recompilando todo tipo de profecías sobre o fin do mundo.

Falamos anteriormente das novas versións do *Dicionario Infernal* porque Collin de Plancy publicou (*grosso modo*) seis edicións desta obra, moi distintas unhas das outras, e nas que se aprecia a loita do seu autor entre o racionalismo e a fe (xa que cre como posibles uns feitos e fenómenos e rexeita outros, como ocorre por citar un exemplo ao aceptar a quiromancia e non a cartomancia):

^{3/4} A primeira versión foi publicada en 1818 en dous volumes, cando Plancy contaba soamente 24 anos, o que marabilla pola súa mostra de erudición a tan temperá idade. Esta obra foi vista por moitos como unha crítica ás crenzas e tradicións máxicas e relixiosas froito dunha persoa escéptica e descrida con ese tipo de fenómenos, o que levou á publicación no 1819 dunha obra anónima como reacción *Realité de la Magie et des apparitions ou Contraposition du Dictionnaire Infernal, precede d'une histoire tres precise de la Magie*, publicado no 1819 en París por P. Mongie, que pretende probar a existencia dos magos, a certeza das aparicións, a fe nos milagres, a veracidade das posesións, etc. Segundo as malas linguas, esta obra tamén era do propio Plancy.

^{3/4} A segunda versión, de 1825 e 1826, a máis extensa, en catro volumes, que foi a máis conseguida e de meirande valor segundo os ocultistas e os propios coleccionistas, xa que incluíu unha serie de quince láminas representando os

contidos do libro, aquelesarres, etc. e aparece o famoso pacto co diaño de Urban Grandier do caso das endemoñadas de Loudun, documentos rescatados polo propio Plancy. Esta edición tivo o honor de ser incluída no 1826 no *Index Librorum Prohibitorum* do Vaticano.




FIGURA 3: Pacto de Satanás con Urban Grandier, do proceso das endemoñadas de Loudun (*Dictionnaire Infernal*).

As edicións seguintes, a terceira, cuarta, e quinta foron publicadas aproximadamente entre 1843 e 1846 tanto en Bruselas como en París, teñen moi menor interese bibliográfico, xa que son moito menores de extensión, un só volume, e foron fundamente reformadas e bendicidas de acordo co poder eclesiástico.

E, finalmente, a sexta edición, a de 1863, publicada en París por Henri Plon, que fixo cando contaba con 70 anos, tamén nun só volume, mantén o formato das anteriores edicións e moitas das reformas da versión censurada, pero sálvase e é unha das máis valoradas, porque inclúe 800 entradas novas e está adornada con 550 gravados, entre eles os máis famosos de L. Breton impresos por M. Jarrault representando aos demos tal como eran descritos nos antigos grimorios medievais.



FIGURA 4: Portada da primeira edición en castelán do *Diccionario Infernal* dos Irmáns Lloréns, Barcelona, 1842.

A primeira edición española foi publicada en Barcelona en 1842 polos irmáns Lloréns. Obra publicada en oitavo maior, en dous volumes, de 297 e 304 páxinas respectivamente, de letra apertada e texto a dúas columnas coas 16 famosas láminas infernais. O seu título completo é *Diccionario Infernal o sea cuadro jeneral de los Seres, Personajes, Libros Hechos y cosas que hacen referencia a las apariciones, a la Magia blanca y negra, al comercio del Infierno, a las adivinaciones, las ciencias secretas, á los prodigios, á los errores y preocupaciones, á las tradiciones y cuentos populares, á las supersticiones varias, y jeneralmente a todas las creencias maravillosas, sorprendentes, misteriosas y sobrenaturales. Por M. Collin de Plancy, traducido de la última edición francesa y adornada con un album infernal de 16 láminas infernales.*

Esta edición española (1842) segue fielmente á segunda francesa (1825), a máis interesante de todas elas, xa que as edicións francesas terceira e seguintes

foron posteriores no tempo. Os irmáns Lloréns, polo que coñecemos, só publicaron curiosamente libros relixiosos. Esta é a edición á que fai referencia Joan Perucho no prólogo da reedición en Taber do *Diccionario Infernal* en 1968 da que falaremos máis adiante.

Setenta anos despois, publicouse a segunda edición española, no 1912, pola Editorial Maucci, tamén de Barcelona, en oitavo maior, en dos volumes, de 542 e 539 páxinas respectivamente. O responsable da súa edición foi D. Quintín López Gómez, que revisou a obra, reformouna e engadiulle 132 voces novas de acordo cos novos avances no psiquismo, espiritismo, as ciencias ocultas, e tamén 17 láminas novas ademais das 16 orixinais. D. Quintín López Gómez (1864-1934) foi un escritor, publicista, filósofo, ocultista interesado na maxia cerimonial e figura eminente do espiritismo español. Ademais desta edición, a propia editorial Maucci publicou outro *Diccionario Infernal*, nun só volume, que non incluía as modificacións realizadas por Quintín López, cunha portada moi colorista e un papel e impresión de moita peor calidade. Semella estar destinado ao mercado de ultramar. Esta edición podería ser considerada a terceira en castelán.



FIGURA 5: Anteportada da terceira edición en castelán da editorial Maucci, Barcelona, circa 1912.

A seguinte edición que coñecemos é a publicada no 1968 pola Editorial Taber, da que foi responsable D. Joan Perucho (1920-2004), director da editorial, famoso escritor catalán e outros dos grandes escritores da literatura fantástica ibérica, íntimo amigo de Cunqueiro e co que tivo bastantes proxectos editoriais comúns. Esta é en cuarto, grande e difícil de manexar, xa que é un só volume de 830 páxinas, co bo que ten unha letra clara de doada lectura, segue fielmente a edición de 1842, agás na modernización da linguaxe e o cambio da tipografía e a

maquetación, e tamén inclúe as 16 famosas láminas. O interese desta edición radica fundamentalmente no feito de que Perucho puxo de novo á disposición do público esta obra que, segundo conta, era moi escasa e cobizada, pagada a prezo de ouro polos bibliófilos.

Semella que a edición de 1842 debeu ser a única edición antiga en castelán das que tiveron referencias Perucho e Cunqueiro, posto que é a única citada por Perucho tanto no prólogo da reedición de 1968 como na súa obra *El Diablo, sus monstruos y sus figuras monstruosas*, dicindo expresamente que el publicara o *Diccionario Infernal* no 1968 e que existía outra edición de 1842 de Barcelona totalmente esgotada. Se Perucho tivese coñecido a edición da Editorial Maucci, de seguro que sería esta a que tería reeditado, xa que inclúe bastantes entradas referentes a magos e ocultistas da cidade condal. Cunqueiro, pola súa banda, cita xenericamente a Plancy nos seus artigos, de xeito que non podemos afirmar cal das edicións españolas empregou. Porén, o máis probable é que fose esta reedición de 1968, xa que as escasas referencias a Plancy que atopamos na súa obra até agora son posteriores ao ano 1968.




FIGURA 6: Camisa da edición en castelán de 1968 do *Diccionario Infernal* da Editorial Taber, dirixida por Joan Perucho, reproducindo a cor o retrato de Collin de Plancy escribindo ao ditado do demo.

Como curiosidade a posesión do *Diccionario Infernal* parece que outorga unha certa categoría de pertenza a un club privado, aínda que agora coas reedicións facsimilares de Magalia e Maxtor o listón e o nivel de exclusividade do club baixou bastante, xa que cando fomos hai uns cantos anos a visitar por primeira vez ao libreiro de Mondoñedo, D. Manuel Montero Rego, máis coñecido como Mago Merlín, que tiña exposto nun local en fronte da Catedral a edición do *Diccionario Infernal* de 1968, cando mo amosou e eu lle dixen que xa o coñecía e xa o tiña,

díxome «e logo ti sabes...», conferíndome unha certa categoría de colega do gremio dos magos e ocultistas.

III. CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS DE COLLIN DE PLANCY E DE ÁLVARO CUNQUEIRO

As obras de Plancy que temos examinado para este traballo foron a sexta francesa e edición belga do *Dictionnaire Infernal*, a obra *Legendes Infernales* tanto no apéndice incluído coa edición do Dicionario de Bruselas de 1845 como na edición máis ampla incluída na serie das «Legendes» publicada por Plon no 1861, consultada na Hathi Trust Digital Library, como nas «Legendes des Esprits et demons que circulen autour nos», tamén da serie *Legendes*, e consultada na mesma biblioteca dixital, a obra *La Fin des Temps: confirmée par des Propheties authentiques nouvellement recueillies par J. Collin de Plancy, Henri Plon, París 1871*. Nelas aprécianse diversas características da obra de Collin de Plancy que amosan similitudes, salvando as distancias, á de Cunqueiro.

A primeira delas é a evidente erudición de Collin de Plancy e o seu carácter de polígrafo que Plancy comparte tamén con Cunqueiro. Como xa dixemos, no *Dictionnaire Infernal*, Plancy amosa verdadeiramente un coñecemento enciclopédico do ocultismo, demonoloxía, relixións comparadas, e das tradicións populares, con centos de citas a numerosas obras e autores.

Por outra banda, Plancy constrúe todas as obras que temos examinado con base na intertextualidade, é dicir, téceas recorrendo ao material literario doutros autores. Por exemplo, no caso da serie de *Lendas*, cada capítulo, dunha lonxitude de cinco ou seis páxinas por termo medio, vai destinado a un personaxe ou unha historia, citando ao principio dos mesmos textualmente as fontes a que recorre, historias que logo desenvolve. Así nas *Legendes Infernales* relátanse as historias, por citar algúns, de Simón o Mago, Apolonio de Tiana, Virxilio Hipócrates, Aristóteles, Teófilo, Henrique Corazón de León, dos tribunais do inferno, da granxa do diaño, o diabo predicador, o diaño construtor, o doutor Fausto, Xerardo do Diabo, Lutero, Calvino, Agripa, posuídas e endemoñadas, o Sabbat, etc.

Non temos investigado, é moi difícil sabelo, o nivel de fidelidade ás devanditas fontes de Plancy, pero aquí o importante son as diferenzas entre ambos os dous

na finalidade do emprego da intertextualidade, non é o texto como pretexto para contar como en Cunqueiro, senón que é un interese de recompilación ou enciclopédico de diversas historias que Plancy xunta tematicamente.

No *Diccionario Infernal* de Collin de Plancy, ocorre o mesmo pero a un nivel menos extenso, xa que as entradas habitualmente non son tan longas como os capítulos das *Legendes*. Tamén recorren á intertextualidade, mesmo mais abundantemente, xa que cita maior número de fontes en cada entrada do diccionario. Esta cita prodúcese de diversas maneiras, unhas citando soamente o autor, por exemplo, no caso de Vier ou Wierus, famoso autor da *Pseudomonarchia Daemonum*, obra fonte de case todos os detalles demonolóxicos que aparecen nas obras de ocultismo dende a época de Plancy até a actualidade —de xeito que de non facelo así o Diccionario Infernal sería unha continua cita á obra deste autor—; e noutros casos cita a pé de páxina a obra co título e os seus datos de edición.

No *Diccionario Infernal* de Collin de Plancy, tamén abunda a ironía cun certo escepticismo sobre os fenómenos recollidos no *Diccionario*, por citar algún exemplo na entrada BESTIAS, referíndose a animais monstruosos e maravillosos conclúe co seguinte: «Algunas personas acostumbradas a las cosas extraordinarias vieron también espectros de bestias. Ya se sabe el cuento de aquel enfermo a quien su confesor decía: “Enmendaos porque acabo de ver al diablo en vuestra puerta. —Y bajo qué forma: preguntó el moribundo. —Bajo la de un asno. —Bueno, replicó el enfermo, esto es que tuvisteis miedo de vuestra propia sombra».

Esta ironía de Plancy e o xogo aos equívocos é evidente tamén na súa negación da condición de erudito que manifesta nun dos gravados famosos que acompañan ao *Diccionario Infernal* en que se representa a si mesmo deitado na cama escribindo baixo o ditado do propio diaño. Plancy prefire sementar a dúbida e darlle ao diaño o mérito da súa obra, pasando el por un simple servidor e transcritor do ditado deste. Porén, ao ler no propio diccionario as entradas correspondentes á demonoloxía apréciase unha opinión bastante crítica sobre a existencia dos demos, atribuíndoa en gran parte a *imaxinacións ardentes*.

Esta representación do propio Plancy está cargada de ironía e obedece a un intento de crear un personaxe arredor de si mesmo. Nesta actitude, podería apreciarse paralelismos con outros escritores, como, por exemplo, D. Diego de Torres Villarroel, gran Piscator de Salamanca, que tivo un grande éxito na publicación das súas obras como Plancy e foi moi popular na súa época; levou até tal extremo

a creación de todo un personaxe ao redor del que mesmo escribiu súa propia biografía. Esta actitude tamén se pode observar, salvando evidentemente os grados e as distancias, no noso D. Álvaro Cunqueiro, que por certo tamén tiña predilección por Torres Villarroel e dedicoulle varios artigos.



FIGURA 7: Gravado de Asmodeo, Príncipe dos demos, da sexta edición francesa do *Dictionnaire Infernal* de 1863.

Sobre Cunqueiro pouco imos dicir porque hai xente moito máis autorizada ca nós para falar del, non imos lembrar o seu emprego da retranscrición e a ironía, sobre o destino da súa obra a un público culto, etc. que puidesen ser aspectos nos que tamén coincide con Plancy, senón noutros aspectos que nos parecen máis salientables, como son a erudición e o seu emprego da intertextualidade, aspectos inextricabilmente unidos un ao outro.

Cunqueiro é un gran polígrafo, bibliófilo e erudito, aínda que el rexeitase ese último cualificativo para si mesmo e aludise decote á súa «memoria deformante» para explicar o seu proceso de creación literaria, aludindo a esa peneira que pasaban as súas lecturas para convertelas na súa materia prima literaria. O rexeitamento deste adxectivo parécenos que obedece a que a súa erudición non era máis que un medio para a súa expresión literaria e artística e non un fin en si mesmo. Seguramente, non quería que a xente se quedase no detalle do dato, da cita bibliográfica, que a árbore non deixase ver o bosque, e tampouco quería estar atado á escravitude da cita textual.

Cunqueiro tamén emprega a intertextualidade, pero de xeito diferente a Plan-cy, na súa idea está primeiramente a creación da obra literaria, non a idea enciclopédica. Mesmo nos seus textos xornalísticos, prima a liberdade creadora literaria fronte á simple información xornalística. Os textos de referencia son as teas de onde proceden os fíos con que tece as súas historias. Pero estes fíos non teñen por que ser mais ou menos fieis aos textos *orixinais*, esta comparación non ten sentido na súa pretensión de creación artística, poden ser fíos soltos, detalles, texturas, cores, matices, que Cunqueiro empregaba libremente dun xeito moi persoal e distinto ao texto orixinal e cunha finalidade ben diferente. Como ben pormenoriza Cunqueiro no programa *A Fondo* de TVE de 1978, o escritores saben que coa verdade non abonda para construír as súas obras e collen elementos de aquí e acolá para facelo.

Os textos son un pretexto para construír e contar unha historia que ben podía ter sido construída con outros elementos, pero que unha vez rematada, como calquera obra artística, tiña que ser con eses elementos e non con outros. Cunqueiro é moi expresivo cando conta no seu artigo «Diablos a la escucha» publicado no *Noticiero Universal* o 4 de decembro de 1973 que o seu *Diccionario de Anxos* «está en el telar». Que mellor símil que o das tecedeiras, como xa dixemos, que fan verdadeiras obras de arte tecendo os fíos pouco a pouco con infinita paciencia. Dos textos peneirados e seleccionados polo seu maxín, proceden os fíos cos que Cunqueiro tece a trama da historia, son como os diversos elementos que un ouri-ve engarza para facer unha xoia nova e distinta.

O mesmo que tece as historias tamén, como xa dixemos, tece un personaxe ao redor del, algo que, por outra banda, todas as persoas facemos en menor ou maior medida de cara á nosa vida pública, pero el faino conscientemente e dun xeito consecuente co seu xeito de narrar e de contar e co seu concepto da realidade e da literatura. Esta actitude de Cunqueiro, na nosa opinión, non é máis que a reivindicación do papel da imaxinación tanto na literatura como noutros ámbitos da vida humana, de darlle cor e variedade á experiencia humana, da que a imaxinación é parte inseparable e indistinguible, de romper os límites entre a realidade do racionalismo e esa parcela da realidade tantas veces negada e reprimida como é o mundo dos soños, imaxinación, do estraño e marabilloso. E, en definitiva, é o seu xeito de loitar contra o proceso actual en que está mergullado o mundo, cada día máis evidente, que el xa comentaba no seu artigo «final del pequeño

saboyano» (El Envés p. 90) que «el mundo se empequeñece y empobrece, que la “standarización” lo anega todo. Lo peor es que nos vamos acostumbrando a ello. Cada día es el mundo menos rico, menos variado y coloreado, y aunque la felicidad sea la misma, o mayor, son más bien grises las formas de felicidad...».

Respecto do aspecto da súa erudición, non nos convence a alusión que se fai ás veces ás súas citas *pseudoeruditas*, porque a nós nos semella que pode parecer que traslada esa característica de pseudoerudición ao propio autor, ou quizais mesmo valse nalgún momento para restar *seriedade* ou calidade á súa produción. *Pseudo* segundo o dicionario da RAE significa falso e, porén, os textos tanto de Cunqueiro como de Perucho non amosan unha falsa erudición, senón máis ben unha erudición na que nos é imposible (pola nosa propia ignorancia) deslindar que parte é cita textual e que parte é *memoria deformante* ou invención. Poderíase falar máis ben de citas eruditas *sui generis* como coidamos que ten falado algunha vez César Antonio Molina.

Ademais ningún se ten detido seguramente a comprobar, tarefa pouco menos que imposible, que citas súas proveñen enteiramente do seu maxín e cales non para deslindar as *citas eruditas* das citas *pseudoeruditas*, ademais, moitas veces, comeza cun dato ou cita máis o menos textual que el desenvolve e recrea ao seu xeito, é dicir, que constrúe as mesmas historias con ladrillos e con pseudoladrillos e xúntaos coa mesma argamasa. Pero, como dixemos, esa non é a cuestión fundamental nin a pregunta pertinente ao analizar a súa obra literaria. Un é erudito ou non o é, pero non polo nivel maior ou menor de invención que se dea nas citas, e dicimos isto porque agás polas propias manifestacións de Cunqueiro, non sabemos se existe algunha autorregulación no gremio dos eruditos, algo así como un *supererudito* que controle a erudición dos demais eruditos e o dereito ao ingreso no gremio (se é que existe o tal gremio) e un código deontolóxico que regule o seu labor profesional e obrigue a un determinado nivel de fidelidade nas súas citas.



FIGURA 8: Gravado de Astarot, Gran Duque dos infernos, que, segundo Cunqueiro, andaba moito por Galiza, procedente da sexta edición francesa do *Dictionnaire Infernal* de 1863.

Por exemplo, a modo de exercicio, faremos a seguinte disertación respecto do coñecemento das diversas edicións do *Dicionario Infernal* ao que puido ter acceso Cunqueiro: Que dado o seu dominio do francés e as súas viaxes a París Cunqueiro puido posiblemente examinar algún exemplar francés do *Dictionnaire Infernal* aló, por exemplo, na Biblioteca Nacional de París, biblioteca á que segundo conta nos seus artigos xornalísticos e conferencias (por exemplo, na súa conferencia «Sobre ángeles y demonios») acudiu a ver unha exposición sobre bruxería, onde asistiu tamén ás conferencias do famoso profesor Pierini. E que pode ser que dentro da mesma Biblioteca consultase os fondos da Biblioteca do Arsenal, que é a biblioteca no mundo que tivo e ten máis grimorios antigos e obras de ocultismo, que nela está un exemplar moi interesante dun *Livro de Sao Cypriano* do século XVIII, que esta biblioteca foi unida á Biblioteca Nacional de París no século XIX (biblioteca da que, por outra banda, foron libeiros escritores tan recoñecidos como Charles Nodier), e que quizais fora este o verdadeiro móbil de Cunqueiro para ir á Biblioteca Nacional de París e non a asistencia ao Congreso de Bruxería. Que outro libeiro da Biblioteca do Arsenal, Jean Baptiste Pitois, máis coñecido polo pseudónimo de Paul Christian, escribiu servíndose de todo o material bibliográfico existente na devandita biblioteca a obra *Histoire de la Magie*, obra fundamental no eido do ocultismo. Que nas obras de ocultismo

abundan as referencias a esta Biblioteca do Arsenal e a P. Christian. Que grandes autores do ocultismo ibérico como, por exemplo, o meirande ocultista galego segundo Vicente Risco, Enediel Shaiah, fan referencias decote a esta biblioteca e a estes libeiros sobre todo cando tratan o tema dos grimorios, xa que case todos os grimorios en castelán beben das fontes dos grimorios franceses. Alguén chegará a comprobar todos os datos contidos neste texto para ver se son citas eruditas ou pseudoeruditas?

Todos temos memoria deformante, en maior ou menor medida, é unha característica humana intrínseca, o que ocorre é que Cunqueiro emprega esta memoria deformante conscientemente e ademais como ferramenta de creación literaria. Por outra banda, non estaría de mais lembrarse, seguindo ao antropólogo americano Clifford Geertz e tendo en conta as correntes da antropoloxía posmoderna, que a *obxectividade* e *fidelidade* de calquera texto, mesmo o máis *aséptico*, *obxectivo* e *científico*, non o é totalmente, xa que está culturalmente mediado e influído pola situación sociohistoricocultural, experiencias, prexuízos e perspectivas do seu autor, chegándose mesmo a considerar nas perspectivas máis radicais que calquera texto é susceptible de ser considerado e analizado como un texto literario. Os propios autores, como sería o caso, Collin de Plancy, ao elixir uns textos e non outros para incluír nas entradas do seu *Diccionario*, algo que parece unha manobra case mecánica e obxectiva, actúan influídos dende a súa bagaxe cultural, circunstancias persoais e históricas previas, e dende as súas propias preferencias e gustos, e tamén peneiran (xa sexa dun xeito consciente ou inconsciente) a información que reflicten e coa que constrúen as súas respectivas obras.

Por certo, sobre a disertación que fixemos máis arriba, para que ninguén rompa a *cachimonia* tentando resolvela ou busque ciprianillos que non existen, o único dato do parágrafo inventado é a existencia do devandito *Livro de Sao Cypriano* na Biblioteca do Arsenal.




FIGURA 9: Gravado de Belzebú, xefe supremo do imperio infernal, da sexta edición francesa do *Dictionnaire Infernal* de 1863.

IV. PLANCY NA OBRA DE CUNQUEIRO

Para comezar dalgún xeito o noso traballo, que aínda está nos seus comezos, examinamos principalmente, como xa comentamos, a obra xornalística recollida en diversos libros recompilatorios de artigos de Cunqueiro, entre eles as edicións de Taber de *El Envés e Laberinto y cía*, a citada escolma de Dorinda Rivero Pedredo, a escolma de María García Liñeira, e bastantes das recompilacións aparecidas na colección Marginales, de Tusquets. Como xa comentamos, non atopamos moitas referencias a Plancy, seguramente por un erro na elección dos textos, xa que moitos eles son anteriores a 1968, data na que Perucho reeditou o *Diccionario Infernal*. Pensabamos que, dada a relación entre Joan Perucho e Cunqueiro se o *Diccionario* non formaba parte da biblioteca persoal de Cunqueiro, este podería ter tido acceso á obra antes da data da súa reedición no 1968, pero non o temos moi claro, parece ser que non. VER

Por esta razón, as referencias textuais a Plancy nas obras que temos examinado, son escasas, algunhas delas serían:

— No artigo «Secretos de las cortezas» da Revista Destino nº. 1838, 23 de decembro de 1972, p. 43, recollido no «Laberinto Habitado» na p. 195, falando do anxos Baraquiel, Uriel e Rutiel.

— No texto «Diccionario de Ángeles» nota 8, p. 12 de *De demonios y ángeles*, ao falar de Astaroth, o anxo que, por ser neutral, foi tamén precipitado aos infernos, cita a Plancy e tamén o *Grimorium Verum* (polo que se ve no Ceo non valen medias tintas nin quedar no medio da escaleira sen subir nin baixar). A pesar de que non se inclúe e referencia do ano e data deste artigo, é evidentemente posterior a 1968, xa que cita expresamente ao *Diccionario de anxos* de Davidson que se publicou ese ano.

—A última hora, atopamos unha breve referencia na p. 152 de «La Cocina Cristiana de Occidente» da edición de Taber de 1969, onde Cunqueiro alude a Plancy remitíndose a un texto de Perucho que afirma que Plancy foi o primeiro que tratou o tema do café na maxia.

Cousa diferente é que no tema demoníaco e fantástico, recorrente en Cunqueiro, probablemente bebese na obra de Collin de Plancy. Contabilizamos máis de corenta textos con referencias ao demo na bibliografía consultada, dende a simple cita do demo até a dedicación do título e do texto do artigo a ese tema. Polos artigos de Cunqueiro desfila toda unha cohorte innumerable de demos maiores e menores, anxos, monstros. No caso dos demos maiores, aparecen case todos no *Diccionario Infernal* descritos coas mesmas características básicas que Cunqueiro refire.

Os demos máis citados, por exemplo, en varios artigos sobre San Patricio e Lough Dergh (*El Envés* p. 65 e p. 321, en «Papeles que fueron vidas» p. 197), entre os *demos maiores* son: Satán, o Diabo por excelencia, o demo da discordia e que reina na oposición dende que Belzebú o derrocou e se converteu en emperador do Inferno; Asmodeo, demo da destrución e que conseguira destronar temporalmente ao sabio rei Salomón; Astaroth, amigo dos poderosos, grande tesoureiro dos infernos, sabe as cousas máis secretas e todos os dixomedíxome do Inferno, seica anda moito por Galiza; Asmodeo, superintendente das casas de xogo e experto entre outras ciencias das matemáticas, como é lóxico; Azazel, demo de segunda orde, gardián do carneiro, Belial, o demo máis vizoso polo visto; Belfegor, demo dos descubrimentos e invencións; Belzebú, o príncipe das moscas, actual rei do Inferno dende que destronou a Satán; Lucifer, o xusticeiro maior dos infernos e

que reina sobre Europa e Asia, Mammón, demo da avaricia, del di Cunqueiro que a súa saliva se converte en ouro e que é patrón dos moedeiros falsos.



FIGURA 10: Gravado de Mammón, demo da avaricia, da sexta edición francesa do *Dictionnaire Infernal* de 1863.

Tamén aparecen moitos demos de menor categoría, Leonardo, xefe dos demos subalternos e presidente do Sábado das bruxas; Nergal, xefe da policía secreta do Inferno e primeiro espía honorario; Baltazo, demo menor que posuíu a Nicolasa Aubri; Lilith, demo súcubo e a primeira muller de Adán; Empusa, o demo que rexe os mediodías; Ukobach, demo inventor dos fogos artificiais e custodio do aceite das caldeiras do Inferno, é dicir, unha mestura entre fogueteiro e Arguiñano, e que ben podía ser o patrón dos nosos fogueteiros; Yan-Gant-Y-Tan ou Jean-Gant-Y-Tan, Xan e o seu lume, que aparece no *Dicionario Infernal*, demo bretón que anda polas noites alumeándose con dez candeas que leva en cadanseu dedo das mans, que Cunqueiro cita tamén nos seus artigos sobre San Patricio.

Cunqueiro puido inspirarse na obra de Plancy nas súas descrições, pero é difícil sabelo porque, sobre todo nos demos principais, as descrições coinciden con outras obras de demonoloxía e a súa fonte é, en moitos casos, a *Pseudomnarchia Daemonum* de Johann Wierus. No caso dos demos e anxos menores a que se refire, si que moitos deles non aparecen no *Diccionario Infernal*.

Tamén ás súas referencias a tradicións da Bretaña poderían proceder en parte desta obra (por exemplo a de Yan-Gant-Y-Tan), xa que Plancy recolle moitas tradicións francesas e tamén do país bretón.

Tamén hai anécdotas e textos recollidos na obra de Cunqueiro que aparecen no *Diccionario Infernal*, e poderían proceder del, por exemplo, o caso do galo queimado en Basilea por poñer un ovo (Cunqueiro cita no seu artigo «El perro condenado a muerte» *El Envés*, p. 72, aínda que as datas dos axustizamentos son distintas, igual ambos os dous galos eran da familia); a consideración do Papa Urbano dos monxes como querubíns con seis ás que conformarían o seu hábito, que Cunqueiro citaba nun artigo sobre os anxos, ou algúns dos personaxes citados no glosario que adxunta ao seu artigo «Concilio de Demonios y Tertulia de brujas» Destino núm. 1860, 26-5-1973, p. 9-10, que aparece no «Laberinto Habitado» p. 157 a 163, xa que ao falar da *Lycantropía* fai a mesma cita a Noydens que Plancy.

V. A XEITO DE CONCLUSIÓN

A falta de proseguir consultando a bibliografía cunqueiriana, hai que salientar que a bagaxe bibliográfica de Cunqueiro nas citas no campo da anxoloxía e da demonoloxía e fenómenos estraños é moi ampla, cita o *Diccionario de anxos* de Davidson, que emprega abundantemente nos seus artigos; obras de demonoloxía de Horst, de Cabell, o *Libro da Maxia Cerimonial e a Maxia Negra* de Arthur E. Waite, e moitos dos tratados clásicos no tema da maxia, bruxería e pautos co demo, obras de Delancre, a xa citada de Johann Wierus, a *Demonomanía* de Bodin, o *Malleus Maleficarum* de Kramer, *A Reprobación de Superstições e Supercherías* de Pedro Ciruelo, grimorios como o *Grand Albert*, o *Petit Albert*, o *Grimorium Verum*, ocultistas como Cornelio Agrippa, etc. polo tanto a influencia do *Diccionario* de Plancy é unha entre moitas, quizais máis importante en

canto ao doado acceso a unha inxente cantidade de información, e tamén, por outra banda, no que se refire ao tratamento da información e ao seu concepto de organización da mesma en forma de dicionario enciclopédico. Tamén cabe a posibilidade de que o coñecemento dalgúns textos citados polo propio Cunqueiro fose a través da propia obra de Plancy.

Cunqueiro descende ao miúdo ao describir os demos e os anxos. Non lle interesan as grandes traxedias, agás as referencias á loita primeira entre os anxos e os demos, nin as maldades absolutas, senón os seus costumes e comportamentos. Son demos que tentan, que posúen, que loitan cos homes, que os axudan, bos conversadores, que os enganan ou son enganados por eles, que son derrotados pola fe e polas persoas, que teñen as súas manías, as súas afeccións, os seus gustos, que se namoran, ou que envexan aos homes. Andan entre nós sen que moitas veces nos decatemos, o que lembra o famoso caso dos anxos de Paiporta. Pero teñen as súas características singulares, e Cunqueiro dános datos importantes de valor incalculable para saber se o noso interlocutor ou ese xefe ou funcionario que nos fai a vida imposible é un home ou é un demo: non pestanexan, pero se o fan, moven as pálpebras de abaixo arriba, comen moscas, son políglotas, non recúan (ao mellor algúns destes políticos que nunca rectifican son algunha casta de diaños), e eu, por se acaso, teño empezado a fixarme en como move as pálpebras a xente.

E por se algunha vez vos atopades accidentalmente con algún demo, axuntamos a este texto algunha imaxe dos demos maiores citados por Cunqueiro, tal e como apareceron nos gravados da sexta edición francesa do *Diccionario Infernal*, para que poidades recoñecelos, aínda que se aparecesen desta forma, seguramente vos decatariades ao momento. Vaia con isto a nosa pequena homenaxe a Cunqueiro, quen posiblemente non chegou a ver os gravados desta sexta edición.

Acabaremos a nosa intervención a xeito de conclusión lembrando o punto máis importante en común entre Plancy e Cunqueiro que é o seu gusto polo estraño e marabilloso e a súa conciencia do valor que ten a imaxinación para o xénero humano. Pobre da sociedade que soamente tivese explicacións científicas para as cousas da vida, e Cunqueiro xa nos estaba alertando dos perigos aos que se encamiñaba a nosa sociedade.

Vindo ao caso, o seu remate de *Tesouros Novos e Vello*s cando dicía «Na aspeireza da vida cotián, soñar é necesario, e perder o tesouro dos ensoños é perder o

meirande dos tesouros do mundo. Cando eu escoito nalgunha aldea nosa falar de tesouros, coido que na nosa pobreza aínda somos ricos».

Polo tanto, soamente nos queda dicir que a pesar de ser hoxe máis pobres por ter perdido un dos grandes tesouros que tiñamos os galegos, o *Códice Calixtino*, como dicía Cunqueiro, aínda que perdésemos todo, mentres teñamos o poder de soñar, e de soñar con Tesouros, non nos quitarán a nosa verdadeira riqueza.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

1. PLANCY

- JUIN, Hubert: «Cet étrange Monsieur de Plancy» (Prólogo), *Dictionnaire Infernal* (1963) París, Le Libre Club du Libraire, pp. 1-9.
- PLANCY, Collin de: *Dictionnaire Infernal*, Bruselas, BRUXELLES, Societé pour la propagation des bons livres, 1845 (4ª. Edición francesa).
- PLANCY, Collin de: *Dictionnaire Infernal*, París, H. Plon, 1863 (6ª. Edición francesa).
- PLANCY, Collin de: *Legendes Infernales*, París, H. Plon, 1861.
- PLANCY, Collin de: *Legendes des Esprits et demons que circulen autour nos*, París, H. Plon, 1871.
- PLANCY, Collin de: *La Fin des Temps*, París, H. Plon, 1871.
- PLANCY, Collin de: *Diccionario Infernal*, Barcelona, Imp. Hermanos Llorens, 1842.
- PLANCY, Collin de: *Diccionario Infernal*, Barcelona, Editorial Taber, 1968.
- CASTRO VICENTE, Félix F.: «Las ediciones españolas del Diccionario Infernal», *Revista Hibris de Bibliofilia*, Alcoi, ano VII, número 39, maio-xuño 2007, pp. 38-50.

2. CUNQUEIRO

- DOVAL, JOSÉ: «El Cunqueiro Menos Portátil», *Revista Cultural de la Caja de Aborros de Asturias «Los Cuadernos del Norte»*, Oviedo, año VII, número. 37, agosto 1986, pp. 2-5.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *El Envés*, Barcelona, Editorial Taber, 1969.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *Laberinto y cía*, Barcelona, Editorial Taber, 1970.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *Fábulas y leyendas de la mar*, Barcelona, Tusquets Editores, 1983.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *Tesoros y otras magias*, Barcelona, Tusquets Editores, 1984.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *El pasajero en Galicia*, Barcelona, Tusquets Editores, 1989.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *Viajes imaginarios y reales*, Barcelona, Tusquets Editores, 1991.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *Papeles que fueron vidas*, Barcelona, Tusquets Editores, 1994.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *100 artigos de Cunqueiro*, escolma de Dorinda Rivera Pedredo, A Coruña, Biblioteca Galega da Voz de Galicia, 2001.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *El laberinto habitado*, Vigo, Nigratrea, 2007.
- CUNQUEIRO, Álvaro e Javier DEL RÍO: *De Demonios y Ángeles*, XiXón, Trea, 2007.

ANEXO I

Exemplo de entrada do *Diccionario Infernal*:

«**CABELLOS:** Tómense algunos cabellos de una mujer en su días críticos, métanse entre la tierra engrasada con estiércol, al principio de la primavera, y cuando serán calentados por el calor del sol se formarán culebras (1).

Varios teólogos afirman que los malos ángeles estaban enamorados de los cabellos de las mujeres, y que los demonios íncubos se aficionan más a las que los tienen mejores. Las brujas dan sus cabellos al diablo en señal del pacto que han hecho con él, y este los corta en muy menudos pedazos y los mezcla con ciertos polvos los cuales da a los brujos que se sirven de ellos para hacer caer el granizo: de ahí se añade que ordinariamente se hallan en él pequeños pelos, que no tienen otro origen. Con los mismos cabellos óbranse también varios maleficios.

En Bretaña se cree que, soplando algunos cabellos al aire, se transforman en animales: los muchachos de Plougasnou, cuando hace entre si algunos cambios, confirman la renuncia echando al viento un cabello, porque éste era antes el emblema de la propiedad. En los tiempos modernos se han hallado cabellos dentro de varios sellos, puestos en lugar de la firma.

Hay, en fin, personas que creen que es necesario observar la estación para cortarse cabellos y las uñas, y esta superstición fue una de las causas que ha hecho abominable al rey Manasés, como se ve en el segundo libro de los Reyes. Antiguamente, se veneraba el mechón de pelo por el que juraban los romanos, y que se ofrecía a los dioses y parece que estos se mostraban sensibles a tales presentes, pues cuando Berenice les ofreció su cabellera hicieron de ella una constelación. Sabida es la historia de los cabellos de Sansón, en los que tenía toda su fuerza; del cabello de oro de Terelas, y del de púrpura de Nisus en los que estaba atada la vida de estos dos príncipes.

Secretos de Alberto el Grande»

Exemplos de entradas curtas:

UFIR... Demonio Alquimista, muy versado en el conocimiento de los simples. En los infiernos es el responsable de la salud de Belzebú y de los grandes de su corte. Los medios la han formado por su patrono desde que Esculapio ha caído en desgracia.

UKOBACH... Demonio de orden inferior que se muestra siempre con el cuerpo inflamado, a quien se dice ser el inventor de los fuegos artificiales. Es el que Belzebú tiene encargado el custodiar el aceite de las calderas infernales.

ULLA... El carbón de piedra que se encuentra en Lieja que sirve principalmente en Londres para arder, deriva su nombre de Ulla, de cierto mariscal llamado Prudencio Ulloso que, según se dice, fue el primero en descubrirla y algunos doctos aseguran que una fantasma bajo la figura de un anciano vestido de blanco le enseñó el lugar donde estaba la mina y desapareció.

UNICORNIO... El cuerno del unicornio preserva de los sortilegios. El insigne inquisidor Torquemada tenía siempre uno encima de la mesa. Los unicornios del Cabo de Buena-Esperanza los pintan con cabezas de caballo y otros con cabezas de ciervo. Dícese que el pozo del palacio de San Marcos no puede ser emponzoñado porque se arrojan en él cuernos de unicornio. Por otra parte, se está indeciso sobre la existencia de este animal porque todos aquellos que tienen los pies hendidos deben tener dos cuernos.

UÑAS... Los medecastos tienen gran cuidado en cortarse las uñas una o dos veces a la semana, pues creen que si son largas el demonio se esconde en ellas.

URRACA.. Ave de mal agüero y principalmente los bretones tienen a muy funesto presagio el ver tan solo a una urraca.

ANEXO II

Na Raia Seca, a trece de xullo de dous mil once

Caro amigo Félix:

Tal e como me comentaches aí che vai o resultado das tiradas conforme ás preguntas que me dixeches que formulase, fixen unha interpretación individual da tirada, carta por carta.

Esperando que che teña sido de utilidade, e agardando noticias túas despídese
Afectuosamente

Fdo.: Leonardo.

P.D. Se vas este ano ao Congreso de Vilar de Perdizes do Padre Fontes, avísame e botamos unha parrafada.

EXTRACTO DA TIRADA

1. Respecto da pregunta de «quen o roubou materialmente?», saíu a carta N. 40 «O Xograr» invertida, que significa «o pretendente», maña, argucia, para min pode ser que evidentemente era alguén que pretendía ese obxecto, pero tamén alguén que sexa un músico ou afeccionado á música —pregúntome eu se podería estar vinculado á Catedral polo tema musical ou alguén que se fixera recentemente membro dos músicos ou do coro da Catedral.

Sobre «quen foi o autor intelectual ou para quen?», saíu a N. 19, «O tolleito», que significa «envexa, maldade, fracaso, debilidade», seguramente alguén con unha eiva moral ou física, a moral é evidente para facer o que fixo.

Sobre «cal foi o procedemento para levar a cabo o roubo?», saíu a N. 4 «O entroido», que significa «burla, finximentos», e di que a carta que veña despois perderá a súa carga espiritual. E cando preguntei «de que?», saíu a Carta N. 38. «O Santo Graal». Para min é claro, o procedemento foi o disfrace, de falso sacerdote, que é precisamente a persoa ordenada capaz da transmutar o pan e o viño en Corpo e Sangue de Xesús —a referencia do Graal—, pero era un falso sacerdote, xa que a anterior carta lle suprimiu a súa carga espiritual.

Á pregunta «onde está actualmente?» saíu a Carta N. 10 «A Fonte», posiblemente se refira a que está nunha poboación con moitas fontes ou preto do nacemento dun río ou nun lugar cunha fonte ou manancial (podería ser Ourense, ou Lugo en Galiza? Ou que teña no seu nome a verba fonte?)

Sobre «onde vai ir parar o libro?», saíu a carta N. 24 «O Mouro», que significa «xente estraña, estranxeiro, riqueza material, procura cobizosa, falla de escrúpulos, linguas estrañas». Así que o significado é claro, vai ir parar ao estranxeiro, a un país de linguas estrañas, e non cristiás.

Sobre se «van desfacer o libro ou se vai manter intacto?», saíu precisamente a carta da Fonte ao revés. O significado desta carta é escuro, xa que ao revés significa hemofilia. Será que o códice corre perigo de desangrarse? o que nun libro significaría ir perdendo pouco a pouco as súas follas?

Sobre se «volverá algún día a Galiza?», saíu a carta N. 2, «O Emperante» ao revés, que significa «tiranía, teima, longo proceso, trámite enrevesado», coido que vai ser complicado o seu retorno.